



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO MONTE INXEIRO
Promotor	GREEN CAPITAL POWER, S.L.
Localización	CONCELLOS DE ORDES E CERCEDA (A CORUÑA)
Expediente	IN408A 2017/25

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial de A Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS:

- O Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 30/09/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1812933, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.
- Con data 11/08/2022 e envío con número de rexistro 2022/1679827 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 30/09/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1945188, o Servizo de Enerxía e Minas da traslado da resposta do promotor ó informe desta dirección xeral de data 11/08/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta dirección xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte



INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo, polo que se emite informe favorable, coas seguintes consideracións:

- En relación ao efecto de parpadeo de sombras:

En base aos datos aportados no estudo de modelización para o "caso real", 31 dos 77 receptores estudados superan o limiar de 8 horas de sombra ao ano, por este motivo, deberá considerar a opción de paradas técnicas nos aeroxeradores implicados no caso de superación do limiar establecido, en caso de que as medidas propostas (instalación de barreiras, setos ou pantallas) resulten insuficientes ou non sexa factible a súa aplicación.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

